

# A ROSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.  
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 76

A CRUÑA 25 DE NADAL DE 1918

## REVISANDO VALORES

### DISCURSOS A NAZÓN GALEGA

#### Da patria, do nazonalismo e da cultura

Os países son expresións geográficas e os Estados equilíbrios d'institucións. Unha patria é moito máis e toda é outra cousa: sincronismo d'espírito e de corazón; uniformidade para o esforzo e disposición somellante para o sacrificio; comunidade nas arelas de grandeza, nas vergoñas da humillación e no desexo da gloria. Cando falta isto non hai patria, o non pode habela; a patria surge nos ensonos comúns e nas comúns esperanzas; no arelaremos juntos grandes cousas e sintímonos decididos a realizalas, tendo a seguridade de que ao camiñar todos tras un ideal, ninguén ficará no meio da estrada contando os cartos. A patria é a solidariedade sintimental da raza, e máis nada.

O da nazonalidade é un concepto moderno. A cultura e o millor e máis forte cimento da nazonalidade. Sin a cultura os homes non chegan, endeben, a poseeren o verdadeiro sentimento de patria. Somentes, pois, no nome da incultura, pode combatiarsevos, irmáns nazonalistas.

E vede de que maneira singela, con que gesto tan doado, un pensador argentino, José Ingenieros, nos ten dado a razón.

"Non abonda acumular riquezas—di éle—para crear unha patria: Cartago o non foi. Era unha empresa. As minas, os bos portos, as industrias e as chuvias fan de calquer país un rico emporio; percísanse ideás de cultura para que n'ele haxa unha patria. Se rebaixa o valor d'iste concepto cando apricaselle a países que carecen d'unidade moral, máis somellantes a fautorías de logreiros, auctóctones e exóticos, que a fatos de soñadores cujo ideal pareza un arco tendido hacia un objetivo de difinición común. A patria ten intermitenzas; deixa de selo en certas épocas de rebaixamento, cando s'esmorece todo afán de cultura e erguense vis apetitos d'enriquecemento. E o remelo contra d'esas crisis da cultura non está no fetichismo do pasado (siñores académicos) senon na sementeira do porvire, concurrindo todos a crear un novo ambiente moral agitado a toda culminación da virtude, do ingenio, do carácter. Cando non hai patria, o non pode existir nazonalismo. Este sentimento colectivo só é posible na medida que siñala o latexar unisono dos corazóns. Namentras un país non é patria, os seus habitantes non constituen unha nazon. O celo da nazonalidade só existe nos que se teñen sintido apaixonados para persiguir un mesmo ideal. Por iso é máis fonda e punxente nos cerebros altos. A cativa capacidade d'ideás, impide aos espíritos bastos verem no patriotismo un alto ideal; os tráfugas da moral, alleos á sociedade en que viven, non poden concebilo; os escravos e os servos, teñen, apenas, un país natal. Só o home digno e libre pode ter unha patria. Pode tela; a non ten

sempre, pois hai tempos en que só existe na imaxinación de poucos: un, dez, quizais algun cento d'elegidos. Ela está entón n'ese ponto ideal onde converge a aspiración dos millores, de cantos sintenna sin medrar d'oficio galgando na política. Antr'eses poucos está entón a nazonalidade e latexa o nazonalismo; mantéñense alleos ao seu afán os millós d'habitantes que jantan e lucran no país. O sentimento erguedor nasce en moitos soñadores novos; pero permanece rudimentario ou s'esmorece na decadenza común, en poucos elegidos chega a ser dominante, antepóndose a pequenas e cativas tentacións de plara ou confradería. Cando os intereses venás sobrepóñense ao ideal dos espíritos cultos, que constituen a alma d'unha nazon, o sentimento nazonal, degenera e s'apodrece; a patria e explotada como unha industria. Cando se vive fartando groseiros apetitos e ninguén pensa que no canto d'un poeta ou na reflexión d'un filósofo pode estar unha partícula da gloria común, a nazon afúndase. Os cidadáns volven a condición d'habitantes. A patria a de país.

Cando a miseria asola un país, culpa é de todol-os que por falla de cultura e d'ideal non subouber amal-o como patria; de todol-os que viviron d'ela sin traballaren para ela.

#### O individualismo económico

George W. Russell, Irlandés, irmán de raza, escribiu un libro que parez feito para nós. Déle son estas verbas: "A magestá samente surge cando existe unha orquestación da humanidade por algún dreitor poderoso; e coma povo os irlandeses non manifestaremos nunca as máis outas cualidás na literatura ou na vida até que estemos baixo o dominio d'unha, polo menos, das ideas fundamentaes que foron as inspiracións das razas. Nosa debilidade nasce do noso individualismo económico."

O que di o notabre escritor celta pode terse aplicado ao noso povo e a cartos permanecen nun grau inferior da evolución social. "Irlanda—escribe Russell—pasou pol-as probas trágicas que sirven d'illustración ao que chamaríamos a Injustiza do triunfo d'unha forza orgalzada sobre outra completamente inorgalzada. O mesmo que Galicia.

"Aquele individualismo económico—sigue dicindo Russell—é o sostén d'un cotianismo inerte, sin alma, sin paixón, sin deber, tren de vida d'autómatas que reciben as impresiós de fora sin reaccionaren e que se trocan logo en columnas do mal. Adoradores do éxito, cultivadores do realismo en tod'a sua gama, o non ven nin se decatan da finalidade d'un dinamismo social que representa o impulso movil, ardente, verdadeiramente xermolador da idea. Só cando os povos compoñen a orquestación de que falaba denantes, fan grandes cousas, cantando unha epopeia vivida, un

poema, unha relixión profunda e humana, un arte vibrante, unha moral acugulada de simpatía social."

E máis é certo. Os que temos ollado manifestacións colectivas baixo o impulso d'unha paixón intelectual, unha idea que sai de nai, un desexo ardente que concreta un momento histórico; os que temos apalrado no ambiente físico a l-alma de todo un povo; os que temos asistido a esputáculos de vontade; os que temos visto poboacións entelras sedentas de gloria e de perenidade, non podemos menos que fuxir d'ese cotianismo insípido e tépedo afincado no individualismo económico que foi—según Russell—o principal obstáculo á regeneración d'Irlanda, como ven séndoo tamén á da Galicia.

E sin embargo, conforme di o mesmo gran escritor, cando persentase na historia d'un povo un esputáculo da Disciplina até entón desconocida; cando se ven lostregueos de xentelra hacia ese individualismo económico, destrutor de todas as belezas da l-alma humana; cando o espírito, esquecéndose da sua propia conservación, aspira ao abranguemento d'algo máis outo, entón se pon a primeira pedra d'unha nova nazon, toda qu'o trunfo esteña lonxano, toda que a orgalización do mal haxa afogado o estoupar do espírito.

Este é, irmáns galegos, o *devenir* da Humanidade que todos vimos tecendo; uns co'a nosa abnegación, os outros co'as suas incapacidades. Estes son os idealismos transcendentes que temos d'oporlles aos logreiros nados na Galicia, que pol-o seu analfabetismo espiritual non se decatan de que máis aló das descentralizacións administrativas por amplias que sejan e máis aló de todol-os progresos materiais brila a estrela tremeluciente da nazon galega alumendo a fronte dos escolleitos, dos únicos aristócratas que viven na nosa Terra: os galeguistas.

#### A redenzón galega e castelana

Agora falo para os meus irmáns predileitos: os do "rus, Vosoutros, labregos galegos, c'o trigo, mainzo e centeio que colleitades so tedes para tres meses do ano. Logo precisádelo traer de fora. D'América traeríadelo máis barato e millor que de Castela. Pero como Castela, de non impoñernos seus cereás a nós, non podería vendelos, o Estado crepu seus aranceles aduanelros que fan pagare aos cereás extranxeiros oito pesetas os cen kilos. Galicia, a Galicia traballadora, págalles sin proveito ningún para Hespaña nin para Galicia millóns de pesetas.

E porqué se produce caro o cereal en Castela? Porque en Castela a terra—¡oh criminaís latifundios qu'agardan um Gladstone redentorel!—están nas maus d'uns poucos siñores; porque en Castela hai siñores donos de tod'un povo onde os habitantes son samente jornaleros. En Galicia todos tendes afán en traballar ben as terras, porque ou son vosas, ou levádelas alugadas de país a fillos, e compenetrádesvos con elas. Máis en Castela non é así. Na Castela trabállanse mal porque son jornaleros os encargados d'elas. E n'un fato



grande de jornaleiros espallados pol-o latifundio non se pode saber quenes traballan mal ou ben, como pode sabérese n'un geito de traballo manufacturado. Serve calquera para traballar a terra, e non se pode inspeccionar a todos no traballo. E pois a de Castela unha fonda cuestión social, como demostraron Picavea e Senador, que deberan ter resolto os Gobiernos, que non resolveron e por mor da que os defectos d'aquela atraso enorme da agricultura castelana, as ten que pagar e sufrir Galicia e tédelos que pagar e sufrir vosoutros, labregos, directamente, e indirectamente o comercio das villas.

E falan en Madrid do proteccionismo catalán; e hal parvos galegos que sintense patriotas de Castela ¡Pois pra beneficiar os intereses dos grandes caciques castelans amigos dos Alba e dos Maura, que teñen na escravitude mais fera aos labregos do centro, afúndese a economía galega pol-o que temos dito e aínda tamén pol-as trabas que s'opoñen ao noso comercio con Portugal.

O triunfo do nacionalismo, tragaerá, obreiros galegos, a redención dos escravos do lito chan de Castela; a solución d'un grave problema social. ¡E por estar asevallada paga Galicia ao Estado a maior contribución territorial entre todas as rexións d'España!

A. VILLAR PONTE.

(Do libríño próximo a saíre)

## Pol-a música galega

Temos diante nós unhos catálogos de música, de diversas casas editoriais. En todos, na sección de música sacra, veñen anunciadas moitas obras con texto catalán, vasco e castelán, moitas con texto castelán e catalán, moitas con texto vasco e castelán, mais ningunha con texto galego.

Anúncianse vilancicos, motetes, avemaría, cantigas ao sacramento, á Virxe, ao Corazón de Xesús, oracións pol-as almas do purgatorio, salves, gozos a San Xosé, etcétera. Todos en catalán, vasco e castelán.

¿E non é isto un síntoma mais de como Galicia s'afundeu no supremo e vergoñoso esmorecemento do seu espírito nacional?

Galicia, a terra ibérica mais rica en música popular—según demostracións dos técnicos—mais rica en ritmos musicais; Galicia a terra ibérica mais lírica e a de idioma mais doce, esquecida neste orde, resulta algo dorosísimo e que debe facer pensare a cantos teñen obriga de decatarse de somellantes cousas. Galicia de tal xeito s'axionhou ante o espírito escravizador de Castela que desvotou como pobres e vergoñosos todol-os seus valores esenciaes propios, para vivir con alma emprestada.

A música galega, o cultivo e fomento d'esta música—e por iso a assembleia nacionalista de Lugo coí-la precisa unha escola musical—terá de ser un meio importante d'erguimento da propia personalidade.

Ten mais importancia a música que moitos problemas económicos.

## POETAS IRMÁNS

### ATARDECER

Traduzón de R. Blanco Torres

O Anxelus resoa docemente  
d'a tarde leda no ar morno e calado;  
un muíño, de vento está parado  
e parece escoitar o són doente.

Tras as serras lonxanas, o poente  
s'esfuma quedo no serán dourado  
como si fora cinza d-aburado  
sol que se desfizera mainamente.

Rez'o Avemaría. No lingoaxe  
qu'é feito de silencio e de dozura,  
ouzo a voz sagrada do paisaxe  
que con mormullo tenro, vago e triste,  
como saudade misteiorosa e pur,  
fálame d'un paraíso que n-existe.

CÁNDIDO GUERREIRO.

(Lusitano.)

## O REXURDIMENTO DE GALICIA

### Pol-a sua liberazón

Non existe rexión na España que, ademais do abandono en que a teñen os gobernos—e cóntese que houbo n-eles, de cote, quenes s'aachaban obrigados a defendela—sexa tan aldraxada e combatida, e sirva de tanta bulra, como Galicia; agora ben, casti sempre, iso sí, por quenes non conocen nin a sua posición topográfica, nin a cultura dos seus fillos nobres e modestos como poucos, modestia pol-o demais excesiva pois cicais sexa ista a causa principal de que os seus costumes, os seus homes ilustres, os seus pobos limpos e fermosos, os seus vales vizosos, os seus ríos caudalosos, os seus portos amples e seguros, a sua campía incomparable... todo, todo o que en Galicia triunfa l-e digno de admirarse, sexa desconocido das xentes ¡aínda de moitos galegos!

Hal que finar canto antes, coste o que coste ós galegos, con isas bulras e historietas que se atribúen a Galicia e ós seus fillos que si algo de malo teñen, é o seren sufridos d'abondo e traballadores; que si hal algo que atribuírlles é o de teren axudado, moí eficazmente, ó desenrolo da riqueza española. Que o digan sínon os miles e miles de mineiros que, como as toupas, viven baixo terra e baixan ás maiores profundidades pra extraeren os tesouros que n-aquela se encerran, tesouros que mais tarde se convirten en escintilantes moedas de ouro que eles non ollan mais que nos escapates das casas de canxe, nas que se amostan como aldraxe a unha labore de dez ou mais horas diarias; que o digan os centos de mariños galegos que, desafiando os perigos do mar, conducen a todol-os portos do mundo grandes e pequenos navíos ategados de mercaderías, sin as que o humano ser non podería vivire; que falen os innumerables fillos de

Galicia que coá sua pruma de ouro e o seu maxín foron e siguen sendo os sostedores e impulsores da cultura da pobre España que, cal madrastra tirán, esquecese da sua filla mais bela, mais fermosa, mais idelal.

Ten Galicia, non queipa a ninguen a menor dúbida, suficientes elementos técnico-industriais capaces de pór en actividades e dirixir, con acerto, a mais grande e mais complicada das industrias. O que hai e que, tal vez por apatía do pobo ou por térese entregado iste a caciques desaprensivos que chegaron a desempeñaren outos postos, non tanto pol-o seu sabere como pol-a sua ousadía, Galicia háchase hoxe pouco menos que fai melo século, no que á industria refírese, coas solas escenzón da dos arseales ferrolans, a mineira da provincia de Lugo e a pesqueira e conserveira da Cruña e as Rías baixas, que é verdadeiramente soberbia, xa que de ela depende o benestar de moitos pobos e de milleiros de familias obreiras.

Mais Galicia, cansa de tanto sufrir e chorar as suas desgraças pasadas, deuse perfecta conta de que pode e debe emancipárese, política i-económicamente, en poucos anos, como o fixeron en tal senso outras rexións españolas. E pra elo non tivo idea mais feliz nin mellor que distanciarése dos elementos que até o de agora tivéronna asoballada e sometida ós desacertos e caprichos d'un Poder que, si nada ten de human, posee, en troques, o don da brutalidade que emprega con demasiada frecuencia cando os pobos, cansos de tanto agardaren a que se lles falga xustiza, donándolles o necesario pra podere desenrolaren os seus propios meios de vida, rebélanse ou protestan dos innumerables asoballamentos a que se lles somete.

Galicia, pois, entrando no concerto dos pobos libres, triunfará dos seus numerosos enemigos; mais denantes percísase que os galegos seípan selo de veras; que sintan a espiitualidade galega sin vergoñas nin decalmentos improprios d'unha raza forte, xa que de celtas descendemos.

A onde queira que nos atopemos, donando da lado os alcumes que poldan celbarnos os que desconocen a Galicia ou os que nos negan mentalidade e azos pra acometer calquera empresa, xuntémonos pra engrandecere á nosa fermosa e digna patria, Galicia.

¡Oh, pobo meu! ¡Patria de Pedro Padrón, de Pardo de Cela e de Conceuzón Arenal, imita a Lázaro: érguete e anda!

XOSÉ BRAVO COLLAZO.

O arzobispo de Tarragona D. Antolin López Peláez, tiña fundado no Seminario d'aquela archidiócesis unha cátedra de catalán.

Na archidiócesis da nosa terra, non haberá cátedra de galego, como na hai aínda na Universidade, pro, en troques, os cabezoleiros d'ela, practican este lema: as prebendas galegas... para os castelás.

¿E ben disgraciado o noso povo?



## De Murguía e Pi Margall

*Galicia formou unha provincia baixo a dominación dos romanos; unha nación soberana durante os cento setenta anos que durou a dos suevos. No tempo da Reconquista, sobre todo dende o século XIII ao XVI, viviu soila, entregada a ela mesma; para sere Estado independente o non lle faltaba senon Rei propio. Gozando de total-as ventaxas do réximen local siguiu despois até o século XIX. Con fonda constancia permaneceu e sigue permanecendo fiel aos seus costumes, ás súas tradicións e a súa liberdade; ninguén nin nada puido arrincarlla do corazón.*

*Os que aseguran que o rexionalismo quèrenos volver ás tebras medioevás, se teñen esquecido de que os tempos máis gloriosos para Hespaña, son os séculos XVI e XVII, cando vivían as principais rexións hespañolas baixo o réximen particular. Iñoran que Galicia d'aquela gozaba de liberdades e d'un Goberno somellante ao das provincias euskaras, que nunca lles pareceu odioso, senon dino de s'imitare. Que as sete provincias nas que achábase dividida Galicia gobernaban cada unha o seu territorio e xuntas dispoñían, por meio do seu deputado, do país galego. Que era tal a autonomía dos diversos orgaismos secundarios que compuñían a provincia, que non podía ista contraer obrigas de carauter executivo para os distritos nos que s'achaba dividida, sin que estes mandasen á capital os seus deputados que as lexitimasen co'a súa deliberación e seu voto. Que distrito e provincia tiñan cada un as súas facultades especiais e defendiannas; que por riba d'elas estaba a Xunta do Reino, repersentante e defensora dos intereses xerás da rexión, concèrtando c'o Goberno central as custións que o monopolio da sal erguía moitas veces, combatindo a temporalidade dos foros, ista custión de vida ou morte para o país, e tendo o voto nas Cortes, considerado de moita honra.*

*Inda mais: constituía a Xunta o que hoxe tantos medos produce para os defensores do centralismo: un Goberno rexional. A vida pública estaba toda nas súas mans. Donaba, recaudaba, e, ás veces, repartía os impostos. Empréstaba a outras rexións as sobras dos seus caudás, e non houbo no inter de tres séculos que tivo tan importante misión, noticia d'un só desfalco das rendas públicas. Endexamais s'achaba en descuberto c'o Poder central. Orgaizaba e mantiña seu Exército; construía escadra pública e a puña nas mans dos fillos do país, excluindo os extranos. Tiña ao seu càrrego as vías de comunicación, as obras públicas, a provisión d'abastecementos, a policía e o demais, sin que por isto perigase a vida do Estado hespañol, nin s'interrumpira pol-o mais leve conflito antr'este último e a provincia galega. Tiña o Tesoro de seu. E, verdadeiramente, non sabemos que haxa deixado de ganarse a batalla de Lepanto, porque na capital de Galicia tremara, ergueita, a bandeira galega en vez da de Castela.*

*Comentando isto escrito por Murguía, dixo Pi y Margall: "Antecedentes de Goberno propio tēnennos outras moitas rexións. ¿Non é lóxico que hoxe o invoquen, ollando o complotado fracaso do unitarismo? Cresce e crecerá o movemento rexionalista, e samente será cousa temibre, de contraríalo. Como tal soceda, non diciremos que non poida dexenerar en movemento separatista. A perda das colonias tēnnos de servir d'exemplo.*

*Non vimos aínda ningún manifesto rexionalista no que non se pida pol-a autonomía de total-as rexións d'Hespaña, nin se deixe de querelas sometidas na súa vida de relación aos poderes centraes. Tampouco temos visto ningún no que se negue nin se censure as liberdades pol-as que tanta estima temos todol-os democratas. Federación e rexionalismo son cousas sontas,,*

### Liñas negras

Por ter orixinal d'abondo non poidemos adicarlle unha lembranza ao notable galego Francisco Romeiro Branco, finado en Noya fai poucas datas, até hoxe. Iste insigne catedrático, cando mozo, na hora do renacemento galego en que surdiu Pon-

dal, escribira versos enxebres e traballos en prosa feitos no noso idioma que conecia e empregaba moitas veces na parola familiar. Como home de talento, foi enxebre.

Agora temos que ampriar ista nota necrolóxica. A morte do arzobispo de Tarragona, Antolin López Peláez échenos de

door. O Sr. López Peláez, inda non tendo natureza galega, sintíase dos nosos e prometéranos vir á Cruña pra darnos unha conferencia en galego, que constituiría unha emprer leición para os desleigados de acá. E cómo os xornás caciquis que agora choran a súa morte, ao lembrárense dos merecimentos do ilustre crego, esquecen un dos seus feitos máis notabres: aquel sermón que predicou en catalán na catedral de Zaragoza, con fondo escándalo dos aragoneses e de todol-os centralistas noxentos, cando de cabezoleiro d'unha peregrinación de Cataluña foi a dita vila? Don Antolin era nazionalista, estaba ao lado dos catalás agora e tamén nos daba azo aos galeguistas. Moito sentimos a súa morte.

Tamén se finou na Cruña un vello amigo noso: D. Joan Chao Fernández, cabezoleiro d'unha familia para nós moi querida, porque é das familias modelo no senso gallegista, que predican c'o exemplo. Aquel vello todo honradez, simpatía e nobreza, baixou á terra antr'o sentimento de cantos o conecian. Pai do noso malogrado irmán Antón Chao e pai político do noso compañeiro Antón Vilar Ponte, ben merece de cantos escribimos ista folla enxebre unha lembranza cheia d'agarimo e d'amore.

### FOLLAS NOVAS

#### Introducción a Psicología Pedagóxica

Por J. V. Viqueira cadeirático da  
Filosofía no Instituto da Cruña

Con iste título acaba de publicare un novo libro, intresantísimo como total-as producións saídas do seu cerebro de escolleito, o distinto irmán cuio nome encabeza istas liñas e do que, sin hipérbole algunha, pode afirmarse que é, non soio un dos máis grandes prestixios intelectuaes do nazionalismo galego e de Galicia, sinón tamén unha das culturas máis firmes e sólidas da España.

Iste libro ven a encher un valeiro existente na literatura filosófica e pedagóxica na lingua española; o leutor hachará n-él unha sólida orientación nos problemas da Psicología e a Pedagogía psicolóxica. Ademais, non soio recolle canto se ven producindo nos recentes tempos acerca dos problemas da concenza e a súa aplicación á educación, sinón que n-él espón o seu autore un novo sistema de Psicología, que no capital consiste n-un conseqüente desenvolvemento do moderno vountarismo e na súa xuntanza íntima cós datos de laboratorio e investigación espermental.

A *Introducción a Psicología Pedagóxica* será utilísima a todol-os que se interesen pol-a Filosofía e a Psicología, como tamén ós mestres e ós estudantes de Facultade e



Instituto. Sobor todo os mestres sacarán gran proveito d'ela, pois constituíe un manual práctico pr'ô seu traballo pedagóxico, ó que terán de recurriren.

A Jemais contén unha abundosísima bibliografía de obras memorias e artigos referentes á Psicoloxía e as súas aplicacións á Pedagogía, o que hai que aprezoar en outro grado, pois non existe ningunha obra en español na que o leutor poida hachala. As mais recentes obras e traballos cítanse

n-ela de xeito que o estudante, o simple curioso poderá proseguir facilmente o estudo da Psicoloxía e as súas aplicacións despois de tere lido o referido manual.

Pertence iste libro a serie *Actualidades Pedagógicas* que publica a Librería Española e Estranxeira de Francisco Beltrán, Príncipe, 16 Madrid (Castela). Forma un volumen en 8.º, con grabados, feiticemente encuadernado en tela; véndese a 5 pesetas en total-as librerías.

## O NOSO CONCURSO LITERARIO

### A OPINION DO XURADO

Examinados tódol-os traballos presentados ao noso concurso, lidos con atenzon e xugados imparcialmente, resulta:

Que a novela curta «O Diputado por Veiramar» lema *Breogán*, tanto pol-a forma, como pol-o desenrolo da fábula, feito con verdadeira mestria, é merecente do premio entre tódol-os traballos en prosa. E a millor novela das presentadas. Mais tamén e, pol-a relatividade dos seus méritos, superior ás obras teatrás non escritas en verso. O estilo cristaiño axéitase a unha visión moderna do arte de novelare.

Síguelle en mericimentos a comedia en dous autos, en prosa, nomeada «Enredos», cuio lema é: *Un grao de area*. A forma d'esta comedia é dina das maores gabanzas. O asunto, en troques, ten algo d'antiquado e revela certa inxenuidade. Dónase-lle, pois, mención honrífica, por non existire un segundo premio nas bases do concurso. De dereito leva o primeiro premio d,obras teatrás.

O sainete «Picueiras o gallardo» revela no seu autore condiciós para o teatro. Pero ten dous defeutos: o d'introducir o xermen do «astrakan» no noso idioma e o de imitare o xénero bufo madrileñista a base de matós e golfos. As outras obras teatrás son cativas.

As noveliñas «Lonxe da terra», «O mel-ro» e «A campañña de cristal», teñen cousas boas. Mas as dúas primeiras amostan craramente que foron escritas e pensadas en castelán e logo traducidas ó galego; e a derradeira—d'asunto fantástico e extrano,—ven a meio facer. «Anacos da raza» merece loubas.

Dos traballos en verso non ollamos ningún que teña as condiciós para merecel-o nome de poema. Ningún s'axeita ás bases do concurso.

O monólogo «Mirand'o pasado» non está mal. E as poesías: «A vinganza do mar». «A filla do Val da Pedra Rubia» e

«O lugar de meus abós» revelan, como outras da mesma man, un temperamento de poeta do que pode agardarse moito.

Visto iste fallo do xurado feito por unanimidade, foron rachádol-os sobres que encerraban os nomes dos autores premiados.

A novela «O Diputado por Veiramar» é do insine poeta de Mugia, GONZALO LÓPEZ ABENTE.

A comedia «Enredos», e *d'un vello amigo da fala*.

E a poesía «A Vinganza do mare», como outras moitas da mesma man que forman un feixe considerabre, d'unha dona cruñesa: D.ª ISABEL DOMINGUEZ, que merece o nome d'inspirada poetisa.

Nosa embora pra estes artistas enxebres.

Os autores non premiados, poden recoller os seus traballos cando lles veña ben. A noveliña «O Diputado por Veiramar» editarémola nun volume xeitoso que se porá á venda.

Rematado iste concurso, pensamos cánto podería facerse pol-o rápido resurdimiento da literatura galega en galego, si algunhas entidades de cartos ou algúns homes de cartos instituiran un concurso anual con bos premios en metálico, non menores de cinco mil pesetas, para donarllos á millor novela, ao millor conto, ó millor poema ou feixe de versos, á millor obra de teatro, á millor gramática, ao millor vocabulario, ó millor tratado d'economía galega, ó millor libro de ciencia, ó millor estudo crítico d'arte, etc.

Pol-o cebo das pesetiñas forzaríase en-deben, sin dúbida, a galeguización do pensamento dos milloros escritores da nosa terra. ¡Ai, si os galeguistas tivéssemos cartos! O probrema galego ficaría resolto moi axiña, moito mais axiña do que coidan as xentes que non pensan nin sinten.

As cinco sextas partes do povo galego

falan en galego. Todol-os galegos saben léren o noso idioma. E as boas cousas en galego, inda mais c'ô prestixio dos nomes dos autores, terían tanta ou maor saída que as obras portuguesas en portugués que, como ensaio, pesi-o subido do prezo, trouxo o intelixente libreiro cruñés Cué, obtendo un verdadeiro éxito.

Eses concursos compretados con unha Editorial galega que producise moito e barato, rendirían o mais grande froito patriótico, sendo tamén un tentador negocio.

¡Si os nosos ricos sintisen o momento!...

### Novas da causa

#### En Lugo

O domingo derradeiro tivo lugar as catro e media, a primeira xuntanza da Irmandade Nacionalista de Lugo.

Fixose a eleución da seguinte Directiva:

Conseleiro, D. Xose Gayoso Castro.

Vice, D. Xosé Montero Losada.

Segretario, D. Camilo López Pardo.

Vice, D. Xesús Carracedo Fernández.

Tesoureiro, D. Xullo Pérez de Guerra.

Contador, D. Prudencio Rey Varela.

Vocás, D. Xaime García Murga. D. Glicerio

Barreiro, D. Xosé Tellado, D. Xullo López

Díaz, D. Reinaldo Gómez.

Nos primeiros días de Xaneiro comenará a publicarse dita «Irmandade», un boletín nomeado *A Fouce*.

#### Na Cruña

Tamén o derradeiro domingo houbo xunta xeneral da «Irmandade Femenina», da Cruña que conta con mais de dous centos d'axuntadas. Con foisonísimo entusiasmo elixeuse a seguinte directiva: Conselleira, D.ª Josefa Vázquez; segredaria, D.ª Elvira Brabo; vicesegredaria, D.ª Teresa Chao; contadora, D.ª María Balbo; tesoureira, D.ª Ermita López; vocás: doña Micaela Chao, D.ª Rosa Martínez, doña Avellna Fernández, D.ª Teresa Fernández, doña María Miramontes, D.ª Genoveva Casal y D.ª Avellna Sardina. Ista importantísima seición feminina vense organizando por grupos e distritos. E unha cousa exemprar, que honra a Galicia, ás mulleres galegas e que debe ser imitada.

Logo de constituída dita Xunta fíxose un gran mitin autonomista, no que faláron Tomas Rodríguez Sablo, Villar Ponte, Bethancour, Viqueira, Branco Torres e Peña Novo.

Organízanse novos actos.

Tamen se prepara o ensaio da fermosa comedia inédita, en dous pasos, do gran poeta da raza Ramón Cabanillas, nomeada «A man da Santía».

Límos as invitacións imprentadas e feltas n'un galego escolto, esgrevio, que a patriótica sociedade «Xuntanza Labrega», de Ponte de Mera (Ortigueira), espallou, chamando a unha reunión a cantos simpaticen c'ô agrarismo democrático.

Na dita reunión falará o señor don Leandro Pita.

Agardamos que sexa un acto importante.

Os corresponsaes dos xornás de Madrid na Cruña calan canto se refire ás actuacións dos galeguistas. Os d'algús, n'é extraño. Extráñamos d'«El Sol». E... veremos logo.



OS RAROS I'OS NOVOS

## PÁXINAS EXTRANXEIRAS

Temos de dare à literatura galega d'oxe, un senso novo e actual.

Nos, debemos tratar de conquistar tamen qu'a lingua galega sexa elástica e dútil, pra cincelar n-ela as novas Formas, as novas Ideas.

Por sobor das opinións dos vellos, de qu'o galego, debe quedar no século XIX nós creemos que ll'hai que dar tódal-as verbas precisas d'ogano, inda qu'elas sexan portuguesas ou francesas ou italianas.

Se non movésemos as augas podres da poza—o galego era com'unha poza—a auga chegaría a estar morta. O galego sería despois unha cousa tradicional e lexendaria, que iría desaparecendo como a gaita ou os costumes de guardarrópia...

Nos, c'adouramos ista vella fala, com'a adourara denantes o Rey Sabio—«enorme e delicado» o mesmo qu'a Edade Media—quixéramos darlle unha nova espresión, un matiz endescoberto, ás verbas que non ten.

A literatura e o arte han de tér unha estética actual pra ser eternos.

Sería asurdo que seguíssemos falando o galego do século XIX.

Estaba ben... pra aquel tempo.

Debemos contribuíre a dar unha modernidade precisa a ista fala d'ouro e de ferro.

Sempre é bon, qu'unha lingua teña as verbas necesarias pra s'espresar falando d'economía, ou d'industria ou de labranzas ou de problemas internacionaes, e tamén pra facer n-ela as bellas i estranas formas, cheas de fermosura.

Istes anaquínos estranxeiros—que puxen en galego sinxelamente—son mostras líricas d'algúns Raros e Novos.

Pra uns xa serán conecidos; Mais na fala nosa, terán pra eles unha nova emoción i, outra beleza...

Pros outros, serán recentes de frol...

CORREA CALDERÓN

NARCISO.—Oscar Wilde.

Cando Narciso morreu, a poza do seu pracer trocouse d'unha copa d'augas doces n'unha copa d'augas salinas, e as Oceánidas víñeron chorando a través da selva, xunto a poza a cantar e consolala.

E cando víron qu'a poza d'augas doces trocárase en copa de bágoas salinas, soltaron as verdes trenzas dos seus cabelos e berraron á poza e dixerón:

—Non nos estrana qu'así chores a Narciso que foi tan fermoso.

—Pro era fermoso Narciso?—dixo a poza.

—Quen millor que ti pode sabelo?—responderon as Oceánidas.—A nosoutros desdefinou-nos mais a ti cortexábate, e inclinábase sobor as tuas orelas e ollábate e so no espello das tuas augas quería reflexar a sua fermosura.

Y'a poza respondeu:

—Pro eu amaba a Narciso, porque cando s'inclinaba sobor das miñas orelas e fitábame no espello dos seus ollos ollaba sempre reflexarse a miña propia bonitura.

O MILLOR.—Omar-Al-Khayyam.

Millor c'un reino quero, versos, pan, viño e rubí, n'un lugar soedoso, en xunt'a ti, meu amor.

PARRAFEO SENTIMENTAL.—Paul Verlaine.

Pol-o vello parque soedoso e xeado duas formas agora mesmo pasaron.

Seus ollos istan mortos e os seus beisos brancos e cuasi non s'oien as suas verbas.

Pol-o vello parque soedoso e xeado duas formas pasaron agora mesmo.

—Relémbraste do noso antigo éxtase?

—Porque queredes que me lembre?

—Sigue o teu corazón batendo o meu sô nome?

Ves sempre a miña l'alma en sonos?—Non

—Ah! Os fermosos días de pracer imparolabre

nos que xuntábamnos as bocas!—E posibre.

—Qu'azul era o ceo e grand'a esperanza!

—A esperanza foise vencida o ceo mouro.

Tal ían eles pol-o mol cêspede,

e sô vento ouiu as suas verbas.

O PASADO.—Giovanni Pascoli,

Volto ô lugar onde chorara un día,

i'ô choro parezme unha sorrisa...

Retorno onde sorriu ña i alma...

i'oxe aquela sorrisa e unha bágoa!

A FROL DA CHAMPACA.—Rabindranath Tagore.

Di, miña nai; si, so por xagar, eu convírtirame n'unha frol da champaca, e m'abrira na polfía mais outa d'aquíl arbore, e m'acaneara no vento ríndome, e ballara sobor as follas novas... saberías ti que era eu, miña nai? Tí chamarías: «Neno, onde estás? Y'eu rírfame pra min e ficaríame moi quedíño. Abriría entón meus pétalos e ollaría traballar.

Cando despois do baño, co mollado cabelo sobor dos hombros pasarás ti pol-a frescura da champaca ó patinillo onde resas, sentirías o perfume da frol, ña nai, pro non saberías que sorría de min. Despois do xantar das doce, cando estiveras sentada a fenestra lendo o «Ramayana», e a soma da árbore che caera sobor do cabelo e na falda, eu botaría a miña somfía pequena sobor da follas do teu libro, no mesmo sitio en que léras. Pro adivinarias ti qu'era a soma de teu fillíño? Cando o anoltecer, a lampa na man, foras ti o cortello, de súpel'ô caería eu outra vez o terpeo e pidírfiche que me contases un conto.

«Onde estiveches ti, larchán?», Non cho conto, non,—nos dírfamos.

UNHA VOS.—Xan Maragall.

Sôa, sôa no medeo dos campos

terra adrento, ancha e Castela.

L'está triste, que sô ela

non pode ollar os mares lonxes.

Falaille do mar, irmans!....

## Comentarios a unha conferencia

O Sr. Herrera, director d'El Debate deu unha conferencia no ateneio de Salamanca.

«Si Castela non se rexionaliza e non ter-

ma d'adquirir personalidade propia, terá que ficar na escravitude.»

¡Cómo Galicia!

«Non pode ter forza no Palramento unha rexión representada por individuos que sosteñen loitas políticas que xa pasaron á Historia.»

¡Dígaos Galicia!

«Cataluña se impón porque ten personalidade; os Gobiernos non poden arregral-as cuestións suas como arregran as de Castela, ao ouvido dos caciques.»

¡Cómo en Galicia!

«¿Qué fai Castela? ¿Improvisar mensaxes, froito da vella política? ¿Non hai mais movemento rexionalista en Castela que o que agora ten surdido? Hai mais: a xuventude que ven á vida.»

¡Como en Galicia!

«Non haberá rexionalismo mentras non haxa rexión castelana, e decir, concencia colectiva e conecemento do que é o amore á rexión, e pra chegar a isto tense de levar o problema á Universidade. O gran trabucamento e embarullamento que existe nos problemas fundamentá s e porque a Universidade non fala, e non fala porque e unha oficiña máis do Estado. Na Francia pídense a Universidade rexional e pídena os xóvenes que pelexaron nas trincheiras.

¡O mesmo, o mesmo que en Galicia! O mesmo que n'esta Galicia que merez a escravitude si consinte que o servo de Riestra, Besada, a repersente no pleito autonomista.

Dádelle a Galicia:

representación proporcional como sistema electoral;

a emisión do voto nas urnas, absolutamente segredo;

o votare, absolutamente e rigurosamente forzoso;

a organización municipal do «rus» por parroquias;

suprimide as Diputacións provinciais;

e Galicia, ficará libre políticamente.

O caciquismo trocarase en lenda.

E teremos, d'aquela, capacitación para a autonomía integral como as mais adiantadas nacións ibéricas.

Isto que s'estudou e aprobou na Asamblea nazonalista de Lugo, ten que ser bandeira de todol-os partidos democráticos. Inda do sindicalista.

## Contos curtos

## O castigo d'os parvos

Con diferenza de poucos segundos, morreron dous homes en certa vila, y-as almas respuetivas, limpas de toda culpa pol-a ausoluzón derradeira, voaron pr'ô ceu.

Alcontráronse no camiño y-encomenzaron á falar. Contando cada unha d'elas a hestoria



do seu dono, seguiron andando con dirección as portas de que coída San Pedro.

—O meu dono—decía unha d'elas—chamábase Calros Fungueiríño, y-era a yalma máis atravesada qu'andivo pol-o mundo.

De pequeno, faltáballe o respecto os seus pais; de mozo, engañou non sei cantas mulleres; d'impulsos foi salteador de camiños, e matou, pra roubalos, á moitos camiñantes; e de vello cando xa non podía co-as pernas, meteuse usureiro e arroinou media veciñanza.

—¿E con toda esa hestoria de malas accións salvouse?—preguntou a outra yalma, aleixándose un pouco da de Calros Fungueiríño.

—Xa ves que sí, cando eu vou pr'o ceu, mentras o seu corpo vai ser comesto pol-os vermes.

—¿E cómo se salvou?

—Porque na hora derradeira, acodiulle un frade, e tan ben lle predicou, que Calros arrependíuse de todo canto mal fixera, e deixou a fortuna enteira pra misas y outras obras piadosas.

—Pois o meu dono chamábase Adrián do Rego. Foi bó canto pudo selo, pro non foi feliz, porque estivo casado dúas veces e viveu co as dúas sogras.

—¿Al, miña almiña! pois destonces ben ganado t'él-o paradiso.

N'isto chegaron as dúas yalmas as portas do ceu, e unha d'elas chamou amodifio; pro nalde lle respondeu. Bateu un pouco máis forte, e tampouco tivo resposta. Destonces agarraron as dúas yalmas o chamador d'ouro y-encomenzaron a bater como se avlsaran qu'había fogo.

—Pouco barullo que non somos xordos nin estamos durmindo—respondou unha voz cascada dende drento.

Logo abriuse un buratiño qu'había na porta y-apareceu a cara de San Pedro cinguida por unha aureola que lle caía moi ben.

—¿Quén sodes?—preguntou o Santo Porteiro.

—Dúas yalmas—respondéronlle.

—Xa o vexo. Mais ¿á quén pertencíades?

—Eu a Calros Fungueiríño.

—¿Boa pezal Xa temos elquí noticia da súa morte. Por certo qu'acabou como un santifio, arrependido de tódal'as suas falcatuas e maldades. Pasa, pasa.

Abriu un pouquerrechíño a porta, e pol-a rendixa colouse a yalma de Fungueiríño.

A d'Adrián do Rego tamén quixo pasar, mais San Pedro fechou axíña a porta, decindo:

—Tí agoarda, qu'ainda hai que saber quén eres.

—¿Al, Señor, San Pedro! ¿E vostede non me conoce?

—Cando me dígallo-nome do teu dono.

—Chamábase Adrián do Rego, e nunca fixo mal a nadie.

—Xa recordo. Era un malpocadifio.

—¿O probe xofriu tanto n-aquela vida!...

—Teño idea.

—Vexa, Señor San Pedro: casouse e levou a sogra a vivir con él.

—Pois destonces xa pasou pol-o purgatorio.

—E non fól soílo iso.

—Conta, conta.

—Morreulle a muller, mais quedouse co-a sogra na casa.

—¿Eache home de resistencia!

—Pois inda se tornou a casar.

—¿Cómo? ¿Cómo?

—Que se volveu a casar. E levou a nova sogra pr'a casa. ¿Fegúrese o que non pasaría c-unha muller e dúas sogras!

—Xa me feguro ¿E sábel-o que che digo?

—¿O qué?

—Pois qu'elquí non entras.

—¿Por qué?

—Porqué o teu dono fol parvo reincidente, e no Ceu entran os criminales arrependidos mais os parbos non.

—¿E logo eu pra onde hel d'ir?

—Pr'o Limbo.

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS.

## Peneirando...

¿O troque de Gibraltar por Ceuta?... Ben, home, ben. Vexa ise troque que terá de sere moi elocuente.

Gibraltar na man d'Hespaña, perderá tod'a importancia que hoxe ten.

Ceuta, inútil na man d'Hespaña, na man d'Inglaterra axíña será un emporio de riqueza que chegará a Tetsán, civilizándoo económica e moralmente.

Todol-os povos andaluces veciños do Peñón que agora viven do progreso inglés, doeráñse do troque. Todal-as probes industrias hespañolas establecidas na costa africana finaríanse coa competencia.

Inglaterra, enton, será máis dona do estreito que nunca, pero os devotos da *Marcha de Cádiz*, d'embora.

Pol'o demais aos galegos nos ten sin cuido iso de Gibraltar, da "vella cicatriz", etc.

\*\*\*

E dooruso que un xornal com'o *Sol de Madrid*, moderno, culto, enmigo dos vellos procedimentos, teña pol-o seu representante en Galicia a un imbécil risibre, adorador de todol-os Segismundos. E o único luar d'aquel gran xornal.

O dito representante, e o máis valeiro, ridículo e parvo que parlu nal.

O derradeiro artigo que d'el limos, e a maor mostra d'analfabetismo espritoal de que temos mentes.

Di que os problemas plantexados na asamblea nacionalista de Lugo son exóticos. Ou o artigolista non conoce o significado da verba, ou non soubo ler o noso manifesto, ou mnte com'un bellaco por mala fé miserábre. ¿Qué cousas máis excitadas ás necesidás galegas que aquelas escritas no manifesto?

Menos mal que nos chama ilusos ou iluminados... Porque ilusos ou iluminados son os héroes da Historia.

Do que non se decatou é de que todos los

## 8) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

### PROCESO DA CULTURA GALEGA

CONFERENCIA lida na noite do 24 de Febreiro de 1917 na Irmandade da Fala da Cruña, pol-o seu autor, noso irmán e mestre D. Florencio Vaamonde.

Doña Isabel Barreto, verase mandando unha escadra española, descubriendo terras, exempro único na historia de unha muller almirante. Os homes ilustres multiplicanse en todol-os ramos do saber humano. Os nomes de tantos sería longo de relatar, citaremos somente ao P. Xerónimo Bermudes, o máis grande poeta galego do seu tempo; o conde de Lemos, D. Pedro Ruiz de Castro, ilustre estadista, mecenas xeneroso; o xenealoxista Vasco da Ponte; o insine escultor Gregorio Hernandez; o poeta Alvaro Cadaval; os xuristas Francisco Caldas Pereira de Castro, Xan Garcia de Saavedra e don Francisco Salgado de Somoza; o orador e poeta Diego Arroyo de Valcarcel; o insine médico e filósofo, Francisco Sanchez o Escético, fundador do Positivismo; o gran filologo Betanzos; os grandes teólogos Fray Francisco de Arauxo e Fray Tomás de Lemos; os poetas Pedro Vasques de Neira e don Francisco de Trillo Figueiroa; o célebre xenealoxista Fr. Felipe de la Gándara; os grandes escultores Moure e Felipe de Castro que ao pe das estatuas que faría gravava a frase de Sillio *Gallaica facere manus*, fixeron mas gallegas.

Tamen a agricultura tiña que sufrir grandes

transformacións. Do Perú chegan as patacas ás marañas de Betanzos no principio do século 16, sendo a primeira terra de Europa onde se cultivaron. Veu de seguida o maizno, e a riqueza vexetal e pecuaria aumenta considerabremente. Anímanse as industrias e o comercio ensanchase como nunca. O cultivo dos liños volve a ter importancia, sendo muy recomendabres a lencería e espartería. Os viños tiñan grande sona sobre todo os de Rivadavia, cantados por Medrano, e en Monforte facíase a seda, e o cultivo da oliveira era considerabre. Galicia continuaba dando grandes homes: o insine marino e descubridor D. Antonio Mourelle; os Padres Sarmiento e Feijóo, asombro do seu tempo; o poeta cura de Fruime; o xurisculto Febreiro; os escultores Silveira e Gambino; o astrónomo don José Rodríguez; o mecanico D. Andrés Antelo, cuyo apelido leva hoxe un barco da nosa armada; os facendistas D. Xuan Miguel Caamaño e D. Manuel Lopes Arauxo; o filósofo D. Xuan Francisco de Castro; o arqueologo D. Xosé Cornide; o publicista D. Xosé Alonso Lopes; o xeografo Fontan; o botanico Colmeiro; os historiadores Vesca, Padín e Salas Quiroga; os poetas Aguirre, Brañas, Alonso e o inmortal cantor do Landro, o altísimo Pastor Dias, e mulleres como D.ª Concepción Arenal, gloria de Galicia e de Europa; e non deixarei aquí de falar de un home tan notábre como esquecido, o ilustre médico do Hospital da Cruña Dr. D. Vicente Antonio Pose de Roybanes. El foi o que o ano de 1800 introduxo na nosa terra a vacunación da virola pol-o método Jenner, facendo os primei-

ros ensayos nunha netiña sua. Cando había peste él iba voluntario a combati-la e o mesmo en Betanzos, que en Rivadavia, en Lugo que en Viveiro, en Santiago que en Carballo, viaselle sempre activo, sempre incansabre, vacunando ou combatindo a virola cando esta era epidémica; él escribía e publicaba guías para a vacunación e mandaba a todas partes linfa en tubos de vidro, e facía todo a costa do seu pegullo. Era en suma un verdadeiro Apostolo da ciencia médica. Houbo personas cuyos méritos non pretendo rebaixar pero que non chegar de seguro aos do Dr. Roybanes; houbo estranxeiros que non estiveron nunca en Galicia nin fixeron nada por ela e na Cruña hay ruas que levan os seus nomes, e, señores, na Cruña non hay unha rua nin siquiera no hospital unha humilde lápida que perpetue a memoria do Dr. Roybanes.

Xa dixen atrás que o feudalismo daba as boqueadas no tempo de Fernando 5.º As crases nobiliarias en 1762 atopábanse na mayoría en lastimoso estado; pero aínda había señores xurisdiccionás que tiñan a vana gloria recibir dos seus vasallos un carro de leña e dúas galiñas ao ano, amen da lotosa, e nomear un xues que fixese xusticia aos seus súditos; e atopabase esto que non contaba mais que con sete vasallos; e na Real Maestranza de Sada estaban empregados dos fidalgos. ¿Sabedes de qué? De fiandeiros de enxarcia, ganando dous reais ao día. ¡Pobres fidalgos! As Cortes de Cadis en 1811 botaron abaixo os señores que xa resultaban ridículos pol-o socabar neles a democracia, e os que anteriormente estaban libres das quintas virón



homes de cultura propia e novecentista que hai na nosa terra son nazonalistas.

Tampouco se decatou de que os creadores e os precursores d'unha idea non precisan representación de ninguén, dende o comenzo do mundo até hoxe.

Tamén demostra vivir na horta, cando di: "Se equivocáran quíen creyesen que, porque aquí hay muchos caciques, es este un pueblo eminentemente político."

Naturalmente, porque aquí hai moitos caciques, Galicia non pode ser povo eminentemente político. A política é arte de gobernar, e políticos só o son os povos, coma Cataluña, e os do resto do mundo civilizado, onde existe unha opinión conscente.

O concepto que ten da política ese imbécil artífice, resulta seu millor retrato.

Por iso no *Sol* e unha mancha negra. Unha vergoña para aquel xornal e para Galicia.

\*\*\*

Sobre a Universidade de Santiago, inda mais que en Galicia, fora de Galicia, pesa un gran descrédito, xusto ou inxusto, que a nos outros dóenos na l-alma.

Pasa por foco de caciquismo e por centro de compadrazgos para moitos.

E eisí moitos rapaces galegos van a facer os seus estudos a outras Universidades. E t'odos os catedráticos que non son galegos, e inda algúns galegos, que chegan a Santiago, tan axilía como poden fuxiren d'all f'ixen.

Verdadeiramente a Universidade de Santiago non fai nada pol-a cultura galega. Non ten mais de galega que o do seu afinamento na terra, como non sexa a negra sombra do montañasmo que pesa sobre d'ela.

E ista negra sombra é a que escarneceu os dereitos da Escola de Veterinaria, defendidos pol os diñísimos catedráticos; Castroviejo—rioxano—e Novoa Santos, cruñés notable, nun mitín no que autuaron as «Irmandades da Fala, de Santiago e a Cruña».

E ista negra sombra é a que impuxo arbitrariamente ao señor Goyanes, para a cátedra d'Histoloxía.

De seguirmos eisí que leven a Universidade para Astorga, que a trayan a Cruña ou a Vigo, ou a Lugo ou o Ferrol, ou que a supriman.

A menos que os elementos serios de Santiago non continúan ollando con triste indiferenza o fundamento vergoñoso de aquel centro intelectual—antño tan soado—e hoxe plantél de caciquismo tan vulgar e pobre como calquera municipio d'aldea.

\*\*\*

O fillo do gran... cacique Riestra fol agasallado en Madrid con un xantar o que asistiu a prasa maiore da laberca caciqueiría galega—os Besada, Bugallales, etc.—Eisí, lonxe da terra, mellor ainda, de costas a ela l-enchendo a andorga, é como traballan tales xentes pol-o adlanto de Galicia, pol-o adlanto regresivo, e valla a paradoxa, que é o único capaz de face-

re os homes cada vez mais escravos a forza de sere cegos e xordos.

Tipográfica Obrera.—Socorro. 3

### Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**

Rexenerador **ROSTAM** pra os animais debles, pra que as galiñas poñan mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

**Fernández, Fano y C.<sup>a</sup>—A CRUÑA**

### FERMOSINDA

Novela en idioma galego, por

**FARRUCO PORTO REY**

PRESO DUAS PESETAS

Véndese n'a librería de P. Cué e C.<sup>a</sup>

**RUA REAL, 49—A CRUÑA**

### HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**

**A CRUÑA**

—Adeus, Fuco.

—Adeus, Xan.

—Pra onde vas.

—Bouche pr'a casa do noso irmán, A. Gude, a Rua Real, 59, 1.º, a faguerme un traxe d'aqueles qu'él fai tan bos e xefosos.

### FRÁBICA MECÁNICA

:-: DE CALZADO :-:

— DE —

**ANXEL SENRA**

**RÚA XUAN FLÓREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15

**A CRUÑA**

### GRAN FONDA

*Las Cuatro Naciones*

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas

Xántase ben, e os prezos están ó alcance de todos.

### Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Faise cárrago de todol-os traballos gráficos; en imprenta; litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

### A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 494

### Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

### O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sora é o ZINZANO (Torino).

### O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

### Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A CRUÑA

**Filios de A. Barceló (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de vinhos seletos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sosa chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**LA MODERNISTA****GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

- DE -

**RAMOSE ACEA**

San Andrés 94, 1.º - A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hixiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclós e friclós de todas clases.

Nota: N'este establecemento atopará o público un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben impreatado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse o autore, no Rego d'Auga, 4-1.º - Cruña. — Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo a metade do prezo sinalado.

**¡GUERRA AOS CALLOS!**

Callos, Sabaños e Ollos de galo cúranse co

**Bálsamo Oriental**

Premiado con Medalla d'Ouro na Exposición de Buenos Aires

Fabricantes: **Prudencio López e Fillo - Jerez**  
Repesentante: **Manuel Sánchez - A Cruña**

De venta n'as boas Boticas

**Obras portuguesas en portugués**

As milores de Eça de Queiroz, de Guerra Junqueiro, de Eugenio de Castro, de Camoes

Tamén as principaes de autores galegos

Véndense n'a librería de P. CUÉ e C.ª

RUA REAL, 49. — A CRUÑA

**H. LA PALOMA**

- DE -

**Ramón Morandeira**

Este esprendido establecemento, situado no máis céntricos da poboación, axetado á eutura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeltoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

**MONTERO E COMPAÑIA**

Oficina téctica e almacén de venda:

Rúa de Emilio Castelar, 8

Depósitos:

Calle del Castillo, 12 - Lugo

Direitor:

D. FERNANDO M. DOIZTUA, *Inxeniera*

Venda e colocación de toda clase de máquinas agrícolas e industriaes

Estudo de toda clase de proxectos e construcións

PRESUPUESTOS GRATIS

Sulfatos, semillas, carburo, benzol e bencina

**Consultorio Médico-Quirúrxico****J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en general

ESPECIALIDADES

Piel, (incruso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas) — Peito, Estómago, Anemia

Reumatismo, Artritis deformantes

Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete *Isioterápico*: Consultas de 10 a 12

Tratamentos e prezos a horas convencionaes

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavía)

A CRUÑA


**VIÑOS FINOS****RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA - A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

¡VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

*Servicios directo desde o porto da Cruña*

**LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira a Habana. . . . .

Ptas. 298'60

> Veracrús . . . . .

> 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto todal-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.